

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DE DÚAS PRAZAS DE PEÓNS O 75 % DA XORNADA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS NO MARCO DO PROGRAMA DE EMPREGO FINANCIADO POLA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

En Monforte de Lemos, sendo as 10:00 do día 30 de novembro de 2016 reúnese no Salón de plenos do Concello de Monforte de Lemos o Tribunal cualificador.

Preside a sesión Don Manuel Díaz Meira asisten coma vocais Don Juan Carlos Prado Díaz, Don Angel Encinar Arias e don Juan Pérez Pérez e como secretaria Dona Elisa Martínez Arias.

Primeiro.-Dase conta o tribunal do escrito de data 28/11/2016 e Re 15435 presentado polo aspirante solicitando novamente a revisión da puntuación da fase de concurso a el outorgada.

Lembrase o tribunal que en sesión de data 25/ 11/2016 resolveuse a solicitude de revisión da súa puntuación en sentido desestimatorio da mesma co seguinte contido e argumentos:

*"(...)comprobando logo de revisar a documentación por el presentada, que si ben é certo que o mesmo prestou servizos neste concello co grupo de cotización 10, este no presentou a documentación esixida nas bases do proceso selectivo para acreditar este feito polo que non pode estimarse a súa solicitude de revisión, pois as bases da convocatoria establecen de xeito expreso que para acreditar os servizos prestados nas administracións públicas tense que presentar non só a vida laboral se non tamén o certificado de servizos prestados, resultando que o aspirante don Juan Carlos Moinelo Vidal efectivamente aportou a vida laboral pero non o mencionado certificado de servizos prestados neste Concello se non que pola contra aportou os contratos de traballo, polo que non pode estimarse a súa solicitude e debe manterse a puntuación outorgada na fase de concurso a este."*

Antes de pasar o análise do novo escrito presentado por este compre sinalar que as bases da convocatoria establecen:

*"A) Experiencia profesional:*

*- 0,25 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares ao servizo dunha Administración local.*

*- 0,15 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares ao servizo de calquera outra Administración territorial ou institucional. A mesma porcentaxe utilizarase cando a prestación de servizos se realizase en sociedades públicas ou fundacións de capital maioritariamente público, xa dependan da Administración central, xa da autonómica ou local.*

*Aplicaranse, polo demais, as equiparacións previstas no parágrafo primeiro.*

*- 0,12 puntos por cada mes traballado en postos iguais ou similares na empresa privada.*

*Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa. No caso de que a redución de xornada se produza debido os supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei de Función Pública de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarase como se fose a xornada completa, a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia.*

*Os citados servizos, tanto na Administración pública como a favor de entidades privadas, referiranse en todo caso ás funcións desempeñadas nun posto de traballo de categoría e funcións iguais ou similares ás da praza convocada.*